

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no auditorio do edificio da Casa da Cultura, no canto do Salón de Sesións da Casa Consistorial (por razóns derivadas da situación de pandemia, Covid-19), o vindeiro **XOVES, día 03 de DECEMBRO/2020 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.-** Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión: 05.11.20 (Ordinaria) e 24.11.20 (Extraordinaria).
- 2º.-** Aprobación provisional de ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos.
- 3º.-** Aprobación provisional de ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- 4º.-** Aprobación licitación Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Procedemento aberto harmonizado, urgente.
- 5º.-** Rectificación anual do inventario de camiños municipais, 2020.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- 4º.-** Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de outubro de 2020.
- 5º.-** Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE